

Vida para amar

Con sintaxe polimorfa

 ARMANDO REQUEIXO

Entre outras virtudes, o Premio Eusebio Lorenzo Baleirón de Poesía, convocado polo Concello de Dodro e agora editado por Sotelo Blanco, pode presumir de ter sido a casa primeira de moitas autoras e autores dados a coñecer nos últimos anos, poetas que en moitos casos xa concitan hoxe o aplauso de ben lectores.

É máis que probable que volva suceder outro tanto con María N. Soutelo Vázquez, gañadora do certame na convocatoria de 2007 con *Código poético*, volume que supón ademais o seu primeiro libro individual, pois con anterioridade os seus textos circulaban polas páxinas de volumes colectivos (así en Poesía Taberós-Terra de Montes, 2005) e revistas (tal *Augas-Verso*, da que era tamén membro do consello de redacción).

Esta pontevedresa da colleita do 82, licenciada en Historia pola Universidade de Santiago e hoxe inmersa en diversos proxectos de signo artístico, presenta en *Código poético* unha visión do fenómeno da escrita onde vida e literatura acaban por se fundir nunha única e mesma cousa. Deste xeito, o poemario técese como un canto asombrado das miudallas



cotiás, cunha

consciencia plena de que a existencia se compón de pequenas sombras, vacuas

etiquetas e tempo rutineiro. Porque non nos son dadas as illas paradiso e to-

do é sempre moito menos extraordinario que nos nosos soños. Mais o amor fica á parte, como se a paixón entre os seres que se entregan fose o único armisticio posible nesta infinda guerra de vulgaridade que por veces nos rodea. É un amor salvífico, que nos redime das "soidades/ e distancias/ que nos poboan/ e nos pastorean/ como a gando perdido nas chairas/ de cada apartamento/ en cada rúa/ en cada cidade". E así é, sendo como somos "inconstancias" e "fraxilidade de vidro e maré" e "dor" decote "consumindo de vagar os días".

Este singular *Código poético* de María N. Soutelo Vázquez, prologado polo tamén poeta Xosé Henrique Rivadulla Corcón, converge pola súa sintaxe construtiva arrestada e polimorfa, de descodificación esixente, amosando amais indiscutible habelencia nese internarse nos complexos territorios do vivir e o querer para recordarnos que se algo paga a pena é existir na asunción do milagre do cotián e desa deliciosa anormalidade que chamamos Amor.

SOUTELO VÁZQUEZ,
María N., *Código Poético*,
Ed. Sotelo Blanco,
Santiago, 2008, 81 páxinas.